

Unidade 5. Viaxes de papel

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

África a hipopótamo

África é o nome dunha hipopótamo femia de dezasete anos, que se criou preto da cidade de Garoua (Camerún). Isto fixo que nunca vira ao home coma unha ameaza. De feito nunha ocasión entrou no centro da cidade e organizou un atasco gordo, tan gordo coma un hipopótamo. Mboué, Sali e Boukar fóronse acercando paseniñamente a ela, ofrecendo fariña de millo e sal para que África non tivera que percorrer oito quilómetros río abaixo para alimentarse. Moi pronto, ela aceptou que lle alumiñaran o lombo, logo que se subiran a el e finalmente meter a cabeza entre as súas fauces sen temor a que os inmensos dentes deste animal de 2000 quilos se cerren de pronto. Pero o que fixo famosa a África ocorreu hai nove anos: o río Garoua, o seu fogar, medrou de súpeto debido ás chuvias torrenciais na comarca. Un cativo que se estaba a bañar no beira quedou atrapado nos bancos da area; África rescatouno e puxo a salvo en terra firme. Os «coidadores» de África recadan cartos para alimentala vendendo fotografías que os turistas fan con ela. Por se alguén o quere saber, cada foto custa 1 euro para case todos. Sali recoñece que cando o embaixador de Xapón pediu unha foto o prezo foi algo máis alto, aínda que non di canto. A pesares do mansa que parece, África segue sendo un animal salvaxe que acepta ao home no seu territorio como un máis e iso é algo que nunca ocorre.

<http://www.quo.es/ciencia/naturaleza> (tradución e adaptación)



Unidade 5. Viaxes de papel

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Contesta as seguintes preguntas.

- Onde ocorre a historia?

Garouna (Camerún).

- Como se chama a protagonista principal?

África.

- Como se chaman os «coidadores»?

Mboué, Sali e Boukar.

2. Fíxate na ilustración e describe o que pasou.

A hipopótamo salva o neno da crecida do río.

3. Ordena.

A hipopótamo femia acepta os aloumiños. 4

África internouse na cidade e provocou un atasco. 2

Criouse nos arredores da cidade. 1

Mboué e os seus amigos ofrecen fariña de millo. 3

4. Escribe (V) se é verdadeiro ou (F) se é falso.

Pesa 2000 quilos. V

Ten dezanove anos. F

Recadan cartos facendo fotografías. V

Cada fotografía custa 3 euros. F


5. Por que cres que para África o home non é unha ameaza?

Resposta libre.

Unidade 5. Viaxes de papel

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

6. Coa axuda do dicionario une estas palabras co seu significado.



7. Escribe unha oración con cada un dos significado. **Resposta libre.**

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

8. Escribe.

- Familia léxica de **fecho**.

Fechar, fechadura, fechado, fechamento.

- Campo semántico de **cocheira**.

Praza, coche, moto, portalón.

- Aumentativo, diminutivo e despectivo de **fecho**.

Fechazo, fechiño, fuchucho.

9. Completa o cadro.

Palabra primitiva	Palabra derivada
dente	dentadura
xardín	xardineiro
pan	empanadilla

10. Escribe tres palabras derivadas para cada unha destas palabras primitivas.

- dente: **dentada, denteira, dentición.**
- árbore: **arboredo, arborecer, arbóreo.**
- libro: **libreiro, librería, libreto.**

Unidade 5. Viaxes de papel

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

11. Fixate na portada deste xornal.



12. Contesta as seguintes preguntas.

- Cal é o nome do xornal?

Praza de Galicia.

- Escribe as seccións que ten este xornal.

Mundo, opinión, cultura, ciencia, deportes.

13. Responde en que seccións se publicarían as seguintes noticias.

- Partido de fútbol entre o Deportivo e o Celta.

Deportes.

- Nace un rinoceronte branco nun zoo de Australia.

Mundo, ciencia.